

## **A HISTORIA DA GALIÑA**

A ra estaba namorada do mono e a galiña tamén estaba namorada do mono, e a ra enterouse e comezou a insultar a galiña, esta dunha vez fartouse e foi a xunto do mono para falar con el.

-Ola, mono, unha pregunta.

-Ola, galiña, cóntame.

-A ti quen che gusta?

-A ver... gústasme ti, porque a ra fíxome moito dano.

-Xa o sei, pero eu tampouco quero ilusionarme con todo isto.

-Non, non, tranquila!

-Chao!

Despois de dous mee non ses a galiña foi enganada polo mono e a ra aproveitou e foise co mono.

Logo diso a galiña seguiu coa súa vida e non lle volveu pasar nada similar.

Ensinanza: non fíes do que che poida dicir alguén, porque sempre te poden enganar.

**Noa Vázquez Blanco, 2º ESO**

Érase unha vez unha gata  
e un can. Ela era arreglada  
e el, un folgazán.

A gata namorouse do can  
e o can xogaba con ela,  
mentres a gata pensaba que era única,  
o can estaba coa cadela.

Pero, en vez de estar só coa cadela  
tamén estaba coa ra e coa foca  
e a gata namorada del,  
mentres el lambía outra boca.

A gata tiña unha amiga,  
esta era a raposa  
que, a parte de astuta,  
era intelixente e fermosa.

A raposa falou coa gata  
para que abrida os ollos  
e a gata deuse conta  
e foi en busca de “pimpollos”.

A gata pasaba do can  
e este, o moi lacazán,  
volveu arrastrándose como babosa  
escribindo palabras de amor para ela  
tanto en verso como en prosa.

Unha vez que a gata  
xa se esqueceu do can  
foise coa súa amiga a raposa  
preparada a disfrutar.

Foron gozar da vida  
e aprenderon que dos machos  
nunca depende unha diva.

E, mentres elas ían de movida,  
o can deuse de conta  
da gatiña que perdía;  
pero, por mulleireiro e nugallán  
quedou sen amor e sen pan.

**Estíbaliz de Bonroostro López, 2º ESO**

## **O SOÑO DO CAN**

Nun fermoso soniño  
un can soñou con casar coa raposa  
pero el era moi pequeniño.

O can nunha indagación  
falou co seu amigo o sapo  
e tras unha conversación  
o sapo deulle a razón.

Para el a raposa era fermosa  
cuns ollos azuis, cunha vermella pelaxe...  
dixo que ela era asombrosa.

O sapo sen máis que dicir  
decidiu casalo coa raposa,  
o lobo foi o encargado de bendicir  
aquela unión exitosa.

Os dous tiveron fillos  
pequenos como grans de millo.  
Pero cando o can espertou  
o seu soño rematou.

Ensinanza: os soños poden ser fermosos.

**Iria María Amedo López, 2º ESO.**

## **A GALIÑA**

Érase unha vez unha galiña  
e de voar tiña morriña.  
Chegou aquela pomba  
voando para pasar a comba.  
A pomba foi presumindo de voar  
e a pobre galiña comezou a chorar.  
A galiña preparouse moito,  
estivo practicando ata o mes número oito.  
A pomba non paraba de fardar  
para a galiña poder derrubar.  
A galiña quedou soa  
porque todos ían coa pomba,  
-só porque ela voa!  
A galiña entrou en depresión  
pero os cisnes axudárona un montón!  
A pomba comezou a quedar soa  
aínda que a galiña nin voa.  
Todos apoiaron a pitiña  
e a pomba quedou soíña  
A galiña si ten bondade  
e a pomba foi axudarlle.

Ensinanza: sen máis xeneroso e non presumas do que téis.

**David Pereira Santín, 2º ESO**

Érase unha vez unha rata  
que estaba cun rato,  
todo o mundo dicía  
que estaban emparellados.

Ela namorouse del  
pero el non podía  
resistirse de andar  
con diferentes ratiñas.

A rata seguía pensando  
que chegarían a algo.

Pero todo saíu mal,  
a rata deuse conta  
que o bo do rato  
andaba con outras.

Ao final unha amiga da rata  
díxolle toda a verdade  
e viu que aquel rato  
non coñecía a lealdade.

Así que para sacar a pena  
e esquecer aquel rato  
quixo facer unha festa  
logo de ir ao ximnasio.

**Naiara Rodríguez Rouco, 2º ESO.**

## **REBECA E GONZALO**

Érase unha vez Gonzalo,  
bastante raro e tacaño  
que non era moi adorado  
por todo o seu rabaño.

A ovella Rebeca,  
un pesadelo era ela,  
era branca e forte  
e tamén algo gordecha.

Os inimigos do inframundo,  
que proceden do máis profundo,  
son Rebeca e Gonzalo  
e ninguén é quen de frealos.

Aqueles dou parvos,  
que sempre están rifando,  
son coma dous tolos andando  
que ninguén pode paralos,

O resto do rabaño  
que está en contra de Gonzalo  
sempre andan amañando  
para intentar calmalo.

E por fin chegou o día  
no que Rebeca e o rabaño  
decidiron falar con Gonzalo  
de fronte e sen covardía.

Así foi como Gonzalo  
entendeu a súa agonía  
e tamén que pelexar  
de nada lle valía.

Ensinanza: é mellor falar que poñerse a pelexar.

